



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mesa de Contratación. Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)
Paula Álvarez Fernández (vogal Intervención)
Juan Ramón Costas Núñez (vogal Asesoría xurídica)
José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 10:30 horas do 22/11/2022, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Apertura do arquivo 3, oferta económica, referente á seguinte licitación:

— CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN E MOBILIDADE VERTICAL NA CONTORNA DA PRAZA DAS MERCEDES E NA RÚA ARTURO PÉREZ SERANTES (expediente núm. 2022026621)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

O secretario pregunta aos membros asistentes se, á vista das ofertas recibidas, se encontran nalgunha situación susceptible de xerar un conflito de intereses. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el/eles. Aqueles integrantes da Mesa que non a houberan asinado xa se comprometen a asinar Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) de conformidade coa Orde HFP/1030/2021.

Por parte dos integrantes da Mesa se procede ao descriptado do arquivo electrónico 3, referente aos criterios de avaliación matemáticos, correspondente ao expediente para contratar as obras de humanización e mobilidade vertical na contorna da praza das Mercedes e na rúa Arturo Pérez Serantes (expediente núm. 2022026621), concluíndo o fluxo de apertura ás 10:54 horas segundo consta na plataforma de licitación electrónica Vortal, sendo o contido das ofertas admitidas nesta fase o seguinte:

Licitadores	Prezo sen IVE	Mantemento integral (6 a 48 meses)	Ampliación prazo garantía (12 a 48 meses)
UTE Oreco Balgón SA- SERANCO SAU	1.662.001,60 €	48	48
Extraco, Construcións e Proxectos SA	1.683.570,00 €	48	48
UTE Prace Servicios y Obras, SA – Construcciones, Obras y Viales, SA	1.679.601,70 €	48	48

A Mesa acorda solicitar informe ao Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria para a avaliación das ofertas consonte aos criterios avaliábeis mediante cifras e fórmulas, e comprobación das ofertas en situación de anormalidade, de conformidade co artigo 9 do PCAP.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.





Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333

e-mail: contratacion@ourense.es

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

